

Santander amosa o seu compromiso co sector agroalimentario e aborda os retos da futura PAC



En vídeo



A entidade bancaria promoveu unha conferencia centrada na Política Agraria Común (PAC) 2026, que se celebrou en Vedra (A Coruña). Analizáronse os requisitos necesarios para este exercicio e adiantáronse algúns detalles sobre o novo marco orzamentario da PAC, que se prevé que entre en funcionamento en 2028.

Co obxectivo de que “os nosos clientes sexan o máis rendibles e competitivos”, Santander organizou un novo encontro en Galicia co foco posto nas condicións da PAC. Lorena Ruiz, directora de Negocio Agroalimentario de Santander España, e María González, directora de Negocio Retail en Galicia de Santander, encabezaron a xornada, que contou, ademais, coa presenza de María José Gómez, conselleira do Medio Rural da Xunta de Galicia, e César Lumbreras, director do programa de radio *Agropopular* e da publicación *Agroeuropa*.

Santander amosou, unha vez máis, o seu compromiso co sector produtor na xestión das axudas da PAC. En palabras de Lorena Ruiz, “é un dos momentos máis importantes para a empresa, do mesmo xeito que o é para todos os nosos clientes. Desde o 1 de febreiro, poñemos á súa disposición todas as solucións e servizos coa implicación do equipo de enxeñeiros agrónomos que temos despregados por toda Galicia”.

“Levamos moitísimos anos apoiando o sector agroalimentario e tramitar correctamente a PAC é vital, por iso xestionamos desde o inicio do procedemento ata que se cobra o último céntimo”, subliñou Lorena. Considera que este asesoramento lles permite aos



Lorena Ruiz

Directora de Negocio Agroalimentario de Santander España

gandeiros “centrarse no traballo diario das súas granxas, ser máis competitivos e sacarles a maior rendibilidade posible”.

A entidade bancaria posibilita que todos os seus clientes, a partir do 1 de febreiro, “soliciten nas nosas oficinas o anticipo desta axuda, cuxos primeiros pagamentos chegan en outubro, e poidan dispoñer desa liquidez desde o primeiro momento”.

SERVIZO DIXITAL

Desde hai xa máis de cinco anos, Santander permite a contratación do anticipo da PAC por canles dixitais a aquelas persoas que así o soliciten. “De maneira sinxela, en só catro clics, os nosos clientes poden acceder a este servizo desde as súas ganderías ou desde onde estean”, destacou Lorena Ruiz.



César Lumbreras

Director de Agropopular e de Agroeuropa

“A nova PAC debería entrar en vigor a partir de 2028, pero dependerá da cantidade de diñeiro existente para financeira. Estamos practicamente ao inicio do proceso negociador sobre o marco orzamentario da Unión Europea para o período 2028-2034. Mentres non saibamos a partida destinada, non se pode aventurar nada. Non obstante, de acordo coa proposta da Comisión Europea, o diñeiro da PAC perdería o carácter sagrado que para min tiña ata agora. Unha vez que se fixaba o orzamento, xa non se tocaba, agás por algunha razón excepcional. Dese xeito, sabíamos con previsión o diñeiro existente para un período de sete anos. Agora mesmo iso está en dúbida, porque o financiamento da PAC se metería nun saco común con outros instrumentos financeiros e podería haber un transvasamento de partidas entre eles, co cal nunca saberíamos o diñeiro destinado a sufragala”.

Anticipa la PAC

Hay cosas que
no dependen de ti.

Anticipar la PAC¹, sí.



Hazlo con la ayuda de nuestros especialistas y consigue **acceso a una solución digital de gestión agrícola²**, con la que podrás optimizar la gestión de tu explotación.



Solo para las 500
primeras licencias

Hasta el 31
de diciembre

Es el momento 

1. Operación sujeta a previa aprobación por parte del banco. Consulta condiciones en tu oficina o en www.bancosantander.es.
2. Una suscripción a una herramienta digital para impulsar tu negocio por cada NIF/CIF y por anticipar un mínimo de 25.000€. Suscripción durante un periodo máximo de once (11) meses, y como límite hasta el día 31 de diciembre de 2026, aunque llegada la citada fecha no se haya cumplido el periodo máximo de once (11) meses.